

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

EXTRACTO da Orde do 13 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (código de procedemento TR802R).

BDNS (Identif.): 635925.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

As sociedades laborais e cooperativas que xurdan dalgún dos procesos regulados no número 1 do artigo 5 da orde e, ademais, cumpran os requisitos regulados nos números 2 e 3 do mesmo artigo.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Apoiar a creación de cooperativas e sociedades laborais, por parte de persoas traballadoras de entidades con negocios en crise ou sen remuda xeracional, por parte de persoas traballadoras autónomas ou mediante a transformación de sociedades.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 13 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (código de procedemento TR802R).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a un millón cincocentos setenta mil euros (1.570.000 €), distribuído en dúas aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	Código do proxecto	Importe
11.04.324C.471.0	2021 00067	570.000 €
11.04.324C.771.0	2021 00067	1.000.000 €
Total		1.570.000 €



A contía da axuda será equivalente ao 80 % do custo total dos gastos subvencionables regulados no artigo 6 da orde e cos límites establecidos no artigo 7.1.

As axudas poden incrementarse no caso de que as entidades beneficiarias cumpran algunha das condicións reguladas no artigo 7.2 da orde.

En todo caso, a axuda total para cada entidade beneficiaria polos conceptos recollidos nos números 1 e 2 do artigo 7 da orde non poderá exceder os 74.000 euros.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda comezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de setembro de 2022, salvo que se produza o suposto de esgotamento do crédito orzamentario.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2022

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

